



## ANPA A SOLAINA

Rúa Cardenal Cisneros, s/n  
15570 Narón  
Tf.: 981 397737  
anpaasolaina@yahoo.es

### **FUNCIONAMENTO ALMORZOS CURSO 2018/2019**

Ola familias, como vos informamos anteriormente para poder utilizar o **servizo de almozos** durante o curso **2018/2019** **terán que cumprir os seguintes requisitos:**

- **Será imprescindible** ser **socio** da **ANPA**, xa que o seguro subscrito só acolle a nenos que son socios.
- Os días **5 e 6 de setembro de 2018 en horario de 16:00 a 17:00 horas** os que queiran utilizar o servizo deberán pasar pola oficina do ANPA, para pagar una fianza de **30 € por usuario** e no caso de **dous ou máis usuario de 50 € por unidade familia** (que se devolverá os días **25 e 26 de xuño de 2019**).
- Cos usuarios que paguen a fianza realizarase un listado que se entregará no Comedor e **soamente os usuarios dese listado estarán autorizados a utilizar o servizo de almozos**. Ademais entregaráselles os carnés de usuario de almozos.

Pode que estas medidas sexan un pouco duras, pero vémonos na obriga de tomala porque ano tras ano sempre nos pasa o mesmo temos que estar chamando a diversos pais para que se poñan ao día cos pagos, xa que nos queremos que ningún neno do cole quede sen o servizo. Pero no vindeiro curso **2018/2019** se non se cumpren os requisitos causarase baixa no servizo.

Así mesmo informase que **xa se cobrou a subvención do Concello** para os almozos, polo que **eses mesmos días poderán pasar os usuarios dos meses de maio e xuño** a que se lles devolva a parte que subvenciona o Concello dos Almozos.